



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

PRAZAS DE RESIDENCIA NOS CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES DA CORUÑA, OURENSE E VIGO PARA REALIZAR ESTUDOS POSTOBRIGATORIOS NON UNIVERSITARIOS NO CURSO 2019-2020

NA CORUÑA: **I.E.S. "UNIVERSIDADE LABORAL" (Culleredo) Centro Residencial Docente**

REQUISITOS:

- Estar matriculada en estudos postobrigatorios non universitarios nalgún dos centros docentes públicos ou privados concertados situados nos termos municipais da Coruña, Culleredo, Ourense e Vigo no curso 2019/20.
- Non repetir curso e, no caso de cambio de estudos, non ter abandonado dúas veces estudos iniciados para matricularse noutros estudos distintos. Excepcionalmente, por causas debidamente xustificadas, a comisión de valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento destes requisitos, á vista da proposta que efectúe o centro residencial e do informe da inspección educativa.
- Non ter sido expulsada no curso anterior dun centro residencial nin estar sometida a un procedemento disciplinario en trámite.
- A persoa solicitante deberá estar matriculada nunha modalidade concreta dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo, que:
- Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade de residencia habitual da unidade familiar á cal pertenza.
- Tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade.
- Excepcionalmente, por circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas, a comisión de valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento deste requisito, á vista da proposta que efectúe o centro residencial e dos informes que se consideren oportunos.
- A renda da unidade familiar que se terá en conta é a do exercicio fiscal 2017 e obterase pola suma das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza.

DOTACIÓN: Adxudicación dunha praza gratuíta ou bonificada.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

1. Para o alumnado matriculado en bacharelato, **ata o 12 de xullo de 2019** (este incluído).
 2. Para o alumnado matriculado en ciclos formativos, **ata o 9 de agosto de 2019** (este incluído).
- * **Prazo extraordinario:** no caso de prazas vacantes, do 16 ao 20 de setembro de 2019

MÁIS INFORMACIÓN:

CRD da Coruña: **I.E.S. UNIVERSIDADE LABORAL**

Rúa Salvador Allende, nº 13

15174 Culleredo (A Coruña)

Teléfono: 981 667 836

credo.coruna@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/credocoruna/>

CRD de Ourense: Avenida da Universidade 18, Ourense. Teléfono 988 602 165

CRD de Vigo: Estrada de Madrid 192, Vigo. Teléfono 986 262 500

www.edu.xunta.es

PUBLICACION: [DOG 10/06/2019](#)

Sede electrónica: [procedemento ED306A](#) (sede.xunta.gal)